

Abril 2015: Saída Myxomycetes en Gándaras de Budiño.

Crónica da xornada



Mostraxe de Myxomycetes
GANDARAS DE BUDIÑO
O Porriño (Pontevedra)
Domingo, 26 de abril de 2015
de 11:00-14:00

Inscripción gratuita obligatoria
e mais información:
valoranatura@gmail.com

ORGANIZAN:
Grupo Micolóxico Galego
Sociedade Galega de Historia Natural



www.mykes.es www.sghn.org

Abril 2015: Mostraxe de Myxomycetes nas Gándaras de Budiño.
Co gaio do **DIA DA TERRA** e do **2015 ANO INTERNACIONAL DOS SOLOS**, a SGHN e o GMG realizan esta actividade para contribuir ós obxectivos de conservación da biodiversidade na Rede Natura 2000. A actividade consiste nunha saída de mostraxe e identificación de myxomycetes. Se realizarán fotografías das especies para contribuir ó Catálogo de Biodiversidade do LIC Gándaras de Budiño. É necesario levar roupa axeitada para pasar unha mañá de primavera á beira do río Louro. Prazas limitadas a socios. Inscripción gratuita obrigatoria no correo electrónico: valoranatura@gmail.com

Entre os valores naturais que alberga o LIC das Gándaras de Budiño e Ribeiras do Louro están hábitats prioritarios como as **turbeiras**, os **bosques de ribeira** e hábitats de interese comunitaria como as **breixeiros húmidas**. Os Myxomycetes, son un grupo de seres vivos enormemente interesante e non exento de interrogantes aínda hoxe. O seu nome equivale a fungos mucilaxinosos, o que dá unha idea do seu aspecto, polo menos nunha das súas fases vitais. Actualmente estúdiase xunto cos fungos, pero xa non se consideran pertencentes o reino Fungi se non ó Protista.

*Trátase dunha actividade gratuita e aberta a todas as persoas interesadas. Cada participante é responsable único das súas accións e accidentes que puideran producirse. Os convocantes da actividade non se responsabilizan a nivel persoal nin colectivo dos accidentes que podan ocorrer.

O domingo 10 de maio tivo lugar unha mostraxe de Myxomycetes na Zona de Especial Conservación (ZEC) As Gándaras de Budiño, organizada polo Grupo Micolóxico Galego e a Sociedade Galega de Historia Natural. Esta saída estaba programada para o pasado 26 de abril, pero foi necesario pospoñela debido o mal tempo e as choivas.

A actividade consistiu nunha saída de mostraxe de Myxomycetes na que se identificaron e fotografaron as especies atopadas para contribuír ó Catálogo de Biodiversidade do LIC Gándaras de Budiño.

A Rede Natura 2000 é un conxunto de espazos protexidos destinada a garantir a supervivencia das especies e os seus hábitats. Está composta por milleiros de lugares de alto valor ecolóxico de toda Europa. A Rede Natura 2000 promove que a conservación da natureza beneficie ós cidadáns e contribúa ó desenvolvemento socioeconómico dos lugares.

As Ribeiras do río Louro sufriron unha grande transformación ó longo dos anos e hoxe en día a zona está totalmente transformada e perdeu unha parte dos seus hábitats e especies. A existencia de varias charcas e ecosistemas acuáticos de moito valor natural pola súa singularidade e escaseza deste tipo de hábitats en Galicia propiciaron a súa inclusión na Rede Natura 2000. O espazo natural alberga 5 hábitats prioritarios con boas representacións de vexetación acuática e turbeiras e importantes formacións de bosque de ribeira. Inclúe varias decenas de especies de vertebrados e invertebrados protexidos, destacando unha das derradeiras poboacións de sapoconcho europeo (*Emys orbicularis*) de Galicia. Actualmente estase a traballar na zona, catalogando fungos e myxomycetos, dos que se observa unha importante biodiversidade, consolidando outro dos valores a ter en conta dos ecosistemas das Gándaras de Budiño e Ribeiras do Louro.

Organiza:



A xeira discurriu na zona de Orbenlle, nas proximidades da beira do río Louro, con vexetación arbórea predominante formada por bosques mixtos de carballos e especies do bosque de ribeira (amieiros, salgueiros, freixos) e plantacións de piñeiros e eucaliptos. A existencia de árbores vellas e mortas, con troncos en descomposición é un hábitat propicio para a mostraxe destes seres.

Os asistentes descubriron un heteroxéneo número de especies, algunhas facilmente identificables in situ como *Lycogala epidendrum* ou *Ceratiomyxa fruticulosa*, outras pendentes de identificar, pertencentes aos xéneros *Cribraria*, *Stemonitis*, *Arcyria* e *Stemonitopsis*.

O obxectivo desta actividade naturalista no espazo natural Ribeiras do Louro-Gándaras de Budiño, é a divulgación dos valores naturais do espazo natural e aportar datos para o coñecemento da biodiversidade e o estado ambiental.



Foto 1. *Stemonitis cf fusca*

Organiza:





Foto 2. *Cribraria cf. vulgaris*.



Foto 3. *Arcyria cf. incarnata*.

Organiza:

